

Recordatorio de deberes legais dirixido a á Consellería de Sanidade relativa á denegación do permiso para coidado de cónxuxe por intervención cirúrxica

Expediente: A.11.Q/5307/25

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2025

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa relativo á non contestación dunha solicitude de explicación relativa á denegación do permiso para coidado de cónxuxe por intervención cirúrxica e, en definitiva, á súa non concesión.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No escrito da interesada do 31 de marzo de 2025, indícasenos o motivo da queixa ao sinalar, en esencia:

“..., trabajo como en el Complejo Hospitalario

Me dirijo a usted porque el pasado mes de Octubre operaron a mi marido de y al solicitar los días que me correspondían por operación y posterior recuperación me los denegaron alegando que en el justificante del hospital no ponía "reposo".

Yo hice una reclamación con fecha de 21 de octubre del pasado año y a día de hoy aun no me respondieron.

Para aclararle mejor las circunstancias le diré que la política de este hospital sólo concede los días, en caso de una operación que no requiere ingreso, cuando el médico pone que precisa reposo, sin tener en cuenta otras consideraciones como en el caso de mi marido, como bien lo indica el cirujano vascular que llevo a cabo la operación.

Le adjunto una copia de mi reclamación a la Dirección de recursos humanos y otra copia del informe médico donde especifica que precisaría ayuda de 3 a 5 días para actividades básicas.

Espero que por favor me dé una respuesta, en el sentido que sea y que no me haga como la dirección de este hospital que me da la callada por respuesta.”

Achega solicitude, do 21 de outubro de 2024, de explicación da denegación do permiso solicitado e informe médico de alta hospitalaria do seu cónxuxe.

Segundo.- Ante iso requirimos informe á administración, que nolo remitiu indicando, en esencia, o seguinte:

1º.- A interesada é persoal estatutario na categoría de con destino na área sanitaria de

2º.- Os feitos dos que trae causa o presente expediente teñen a súa orixe na solicitude formulada pola interesada de desfrute dun “permiso por intervención cirúrxica sen hospitalización” do seu cónxuxe.

3.- Con data 4 de novembro de 2024, á vista da solicitude e documentación presentada, a Xerencia da área sanitaria de ... resolveu desestimar a mesma toda vez que non queda acreditado a necesidade de “repouso domiciliario”.

4.- A normativa aplicable para a concesión deste permiso ven recollida no artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que dispón:

“1.- Nos casos de accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario do cónxuxe, parella de feito ou parentes até o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, ou calquera outra persoa distinta das anteriores que conviva coa persoa funcionaria no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela, o persoal funcionario ten dereito a un permiso de cinco días hábiles”.

Así mesmo as Instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, de data 29 de outubro de 2001, establecen que:

“O feito causantes xustificárase cos documentos oficiais que recollan as datas de duración do proceso hospitalario, ou se é o caso, documentos que acrediten a necesidade de atención persoal, así como os documentos acreditativos do grao de parentesco”.

Finalmente, a Resolución da Dirección Xeral de Función Pública, do 24 de febreiro de 2016 establece que “a acreditación do repouso domiciliario deberá ser emitida polo médico responsable do proceso”.

5.- Como xa se indicou anteriormente, no presente caso a reclamante achegou como documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos para a concesión do permiso, un informe emitido polo médico que levou a cabo a operación no que se indica literalmente que “o paciente require coidados”, pero non se pauta a necesidade de “repouso domiciliario”, tal e como literalmente esixe a normativa de aplicación.

6º.- Debemos sinalar que este permiso é causal e de carácter finalista polo que a súa concesión solo ten sentido se serve para atender a causa que o permite; así a esixencia de repouso domiciliario ven motivada pola necesidade de que as tarefas

que habitualmente realiza o paciente no seu domicilio (limpar, cociñar, ...) deberán ser realizadas polo traballador que o asista.

Pola contra a expresión "o paciente require coidados" (recollida na documentación presentada coa solicitude) non implica a necesidade de atención por parte dun terceiro, senón unicamente é indicativa da existencia de recomendacións facultativas, instrucións ou pautas de actuacións normalmente recollidas no Informe de alta hospitalaria para facilitar a continuidade dos coidados do paciente así como a interrelación coa atención primaria (son indicacións de medicación, alimentación, condutas e pautas a seguir, etc).

Debemos entender, pois, que o documento acreditativo debe sinalar que o repouso domiciliario é fundamenta para o paciente.

Así, neste sentido resulta esclarecedora a Sentencia 69/2017, de 12 de maio, da Sala do Social da Audiencia Nacional (Ref.: nº xxx) que no seu Fundamento de Dereito Cuarto dispón:

"(...) Así pois, o repouso domiciliario esta relacionado directamente coa intervención cirúrxica sufrida polo familiar e a súa finalidade non está referida unicamente a eximir traballo ao paciente, senón tamén á necesidade de que repose na casa, o cal significa exactamente iso, de conformidade coa primeira acepción do Dicionario da RAE: descansar, interromper a actividade para recuperarse, o que se predica loxicamente do traballo e tamén das actividades que se realicen no domicilio ou fora del, como limpar, facer a compra, cociñar, así como calquera outra que puidera ser incompatible coa recuperación.- Consecuentemente, o presuposto, para que o repouso domiciliario sexa efectivo, é que o paciente conte coa atención de terceiros, neste caso, do traballador, sendo esa a razón de ser do permiso retribuído".

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promove este expediente e do que se manifesta no informe da administración, resultan as seguintes consideracións:

Primeira.- A queixa ven motivada na non tramitación polo SERGAS dunha reclamación sobre a denegación do permiso para o cosa previsto no artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Indica a interesada que a súa reclamación non foi respostada e que, entende, ten dereito a dito permiso denegado.

Segunda.- No informe remitido indícase que o SERGAS lle denegou a súa solicitude por resolución do 4 de novembro de 2024 por non ter acreditado na súa solicitude “a necesidade de repouso domiciliario” do seu cónxuxe. Con todo, non indica a data de notificación á interesada desta resolución nin achega copia desta, pese a indicarse na solicitude de informe remitida que a interesada alegaba a non tramitación da reclamación presentada.

Terceira. Así, ante a non contestación da reclamación contra a denegación do permiso solicitado, debemos recordarlle que o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Deste xeito, a reclamación presentada pola persoa interesada debería ter sido contestada, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación

Cómpre sinalar que o art.21.5 prevé o seguinte: “Cando o número das solicitudes formuladas ou as persoas afectadas puidesen supoñer un incumprimento do prazo máximo de resolución, o órgano competente para resolver, a proposta razoada do órgano instructor, ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, a proposta deste, poderán habilitar os medios persoais e materiais para cumprir co despacho adecuado e en prazo.”

E o 21.6: “O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo”.

Cuarta.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta do órgano autonómico competente ante a reclamación presentada, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

Quinta: A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración, no seu artigo 2, Calidade dos servizos públicos, dí, en relación á cidadanía en xeral:

A cidadanía ten dereito a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.

E no artigo 3: “A cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido..”

No artigo 4.Principios, sinala:

Con carácter xeral, a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico en xeral rexeranse polos principios de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade aos cidadáns, coordinación e cooperación con outras administracións públicas.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á administración o seguinte recordatorio de deberes legais:

Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo, a consellería debe resolver expresamente a reclamación presentada pola promotora desde expediente, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía.

Agradézolle, de antemán a acollida do manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e lémbrolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén de ser o caso.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data en que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o resultado das mesmas, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola Administración Pública Galega.

Reciba un cordial saúdo.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo (en funcións)